

Enunciado das posibles preguntas que poderán formar parte do primeiro exercicio, (proba teórica), do exame do cazador, regulado pola Orde do 1 de xuño de 2007, DOGA nº 111 do 11 de xuño de 2007.

NOTA: 40 das 60 preguntas da proba, serán seleccionadas entre as 100 primeiras das seguintes preguntas.

1ª.- Cando un cazador, fire unha peza de caza en terreo no que está autorizado para cazar, e coa finalidade de cobrala, ¿pode entrar en terreo distinto, no que non está autorizado para practicar a caza?

2ª.- No transcurso dun gancho, si un corzo sae a varios postos e é ferido nun deles e resulta morto e cobrado noutro distinto, ¿a que cazador lle corresponde a peza de caza?.

3ª.- Si un cazador que está adestrando os seus cans, observa un comportamento anormal por exemplo dos coellos, que o fai sospeitar da existencia dunha enfermidade, debe:

4ª.- A xornada de caza comeza:

5ª.- A xornada de caza remata:

6ª.- Cando no exercicio da caza, se cobre un exemplar dunha especie cinexética que porte algún tipo de anel ou marca identificadora, o cazador debe:

7ª.-Unha persoa con idade menor de dezaseis anos pode practicar a caza:

8ª.- Na práctica da caza do raposo na modalidade de gancho, ¿cal das municións seguintes non se debe empregar?:

9ª.- A caza dende embarcacións e vehículos automóbiles en movemento, está:

10ª.- Nun gancho realizado nun Tecor cobráronse un total de 4 xabaríls, a carne destes exemplares vai a ser distribuída entre os cazadores que participaron na cacería, ditos cazadores para realizar o transporte destes restos deben:

11ª.- ¿Quén poderá solicitar a celebración de ganchos ou zapeos cando a caza dunha zona sometida a réxime cinexético común produza danos?

12ª.- ¿Quén pode conceder o permiso para a celebración de ganchos ou zapeos cando a caza dunha zona sometida a réxime cinexético común produza danos ?

13ª.- Un exemplar dunha especie cinexética procedente dunha explotación cinexética provoca danos nunha finca particular, ¿quén deberá indemnizar os danos?

14ª.- ¿Cal das seguintes especies non se reproduce en Galicia?

15ª.- A maior poboación de paspallás preséntase en Galicia entre:

16ª.- ¿Cál das seguintes especies non é cinexética en Galicia?

17ª.- As crías de xabaril nacen cunha pelaxe moi característica polo que se lles coñece como:

18ª.- ¿Cál das femias das seguintes especies non posúen cornos?

19ª.- O número máximo de puntas que pode presentar unha corna, considerada como normal, nun corzo é de:

20ª.- A posta da perdiz rubia soe contar, normalmente, cun número de ovos

21ª.- ¿Cál destas especies non é cinexética en Galicia?

22ª.- Unha camada de lebre componse, xeralmente, de:

23ª.- ¿Cómo distinguiremos o sexo dun corzo no mes de novembro?

24ª.-¿Cal destes animais supón o maior predador do xabaril en Galicia?

25ª O macho de perdiz rubia, na época de celo e crianza, ¿establece e defende un territorio?.

26ª.- Os polos de perdiz son:

27ª.- Os polos de perdiz durante a primeira semana de vida aliméntase fundamentalmente de:

28ª.- No xabaril, o trofeo de caza valórase atendendo:

29ª.-No corzo o trofeo valórase atendendo:

30ª.- Na valoración do trofeo de cervo:

31ª.- A persoa responsable da organización dun gancho para o xabaril, ¿pode colocar os postos nunha estrada local?

32ª.- Nos carreiros e camiños rurais pouco transitados, destinados ao paso a pé ao uso agrícola ou forestal, ¿pódese cazar?.

33ª.- Liberar especies exóticas ou animais infestados é unha infracción

34ª.- Cazar en liña de retranca é unha infracción

35ª.- Cazar sen licenza é unha infracción

36ª.- Levar armas os batedores que actúan como tales nunha montería é una infracción

37ª.- Das seguintes zonas ¿cal é de seguridade?

38ª.- ¿Cal é o tamaño da franxa de seguridade arredor dun núcleo de poboación?

39ª.- Se temos unha casa no medio do monte ¿haberá zona de seguridade ao seu arredor?

- 40ª.- Si no meu Tecor existe un parque empresarial no medio ¿terá zona de seguridade?
- 41ª.- ¿Cómo se consideran os terreos cercado?
- 42ª.-¿Qué non se pode facer nas zonas de seguridade?
- 43ª.- Nos carreiros e camiños rurais pódese
- 44ª.- Os períodos hábiles de caza para cada temporada, establécense:
- 45ª.- ¿A quen corresponde o coidado e vixilancia dos refuxios de fauna?
- 46ª.- ¿Durante canto tempo non se pode cazar nos terreos queimados?
- 47ª.- ¿Quen autoriza o control da caza existente en vedados ou terreos cercados, no caso de necesidade?
- 48ª.- ¿ Quen autoriza o control da caza existente nos terreos sometidos a réxime cinexético común?
- 49ª.- Si para realizar un estudio me conceden autorización para a captura de verderóns con visgo, ¿qué licenza de caza necesito?
- 50ª.- Para cazar con ave de cetrería, ¿qué licenza necesito?
- 51ª.- Para cazar con arco, ¿qué licenza necesito?
- 52ª.- Para cazar con furón, ¿qué licenza necesito?
- 53ª.- Para cazar cunha manda de cans, ¿qué licenza necesito?
- 54ª.- En Galicia e dada a súa abundancia, o xabaril pódese cazar
- 55ª.- Os ganchos débense facer con:
- 56ª.- Nun gancho ¿qué estaría prohibido?
- 57ª.- Os períodos hábiles de caza para unha especie cinexética, ¿poden variar en función da modalidade de caza que se considere?
- 58ª.- ¿Cál das seguintes armas está mais relacionada coa modalidade de asexo?
- 59ª.- ¿Cál destas armas está prohibida?
- 60ª.- ¿Cál destas modalidades é a mais típica para cazar a perdiz rubia en Galicia?
- 61ª.- ¿Cal destas modalidades é a mais típica para cazar o coello en Galicia?
- 62ª.- ¿Cál destes métodos está prohibido?, a caza de:
- 63ª.- Nun zapeo ¿a qué especies podo disparar?
- 64ª.- Si me invitan a participar nunha “espera” ¿qué tipo de munición levarei?
- 65ª.- ¿Cál destas modalidades de caza necesita de autorización previa para a súa práctica?

- 66ª.- ¿Cál destas armas é ilegal para a práctica da caza?
- 67ª.- ¿Qué se entende por armadas?
- 68ª.- ¿En qué modalidade de caza se empregan as armadas?
- 69ª.- ¿Cál sería o número máximo de cans dunha manda que poden participar nun gancho?
- 70ª.- ¿Cál sería o número máximo de cans a empregar nunha montería?
- 71ª.- ¿Qué diferencia existe entre unha montería e un ojeo?
- 72ª.- ¿Qué diferencia existe entre o zapeo e o gancho?
- 73ª.- ¿En qué tipo de terreos cinexéticos se pode practicar a caza con arco?
- 74ª.- Para a realización de monterías, ganchos, ojeos e tiradas de acuáticas, é necesario
- 75ª.- Cando cazamos mediante a modalidade de axexo, ¿quén decide a qué pezas se debe disparar?
- 76ª.- ¿Cántas armas se poden levar a un axexo?
- 77ª.- ¿Cantos cartuchos pode conter no seu cargador, como máximo, unha escopeta de caza?
- 78ª.- ¿Cál das seguintes modalidades de caza non precisa de autorización previa da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible?
- 79ª.- O Plan de Ordenación Cinexética, ten unha vixencia:
- 80ª.- O Plan de Aproveitamento Cinexético, ten unha vixencia:
- 81ª.- Para posuír unha peza de caza viva en catividade, é necesario:
- 82ª.- Si na primavera atopamos un coello que presenta os pálpabras inflamadas, e tumefaccións na cabeza, podemos sospeitar que o coello padece:
- 83ª.- Si durante unha xornada de caza no mes de decembro, atopamos coellos mortos que presentan unha hemorraxia nasal, de acordo con eses síntomas podemos sospeitar que morreron por:
- 84ª.- Si unha lebre presenta tularemia, ¿pode transmitirla ao home?
- 85ª.- Cando no exercicio da caza se abate unha lebre, para previr o contaxio da tularemia, é recomendable:
- 86ª.- Cal das seguintes enfermidades pode transmitírnos a carne de xabaril mediante o seu consumo:
- 87ª.- Antes de consumir a carne de xabaril, para evitar o contaxio da triquinose, é recomendable:
- 88ª.- ¿Cál das seguintes enfermidades pode padecer o raposo?

89ª.- ¿Cál destas condicións non é necesaria para ter dereito a cazar?

90ª.- ¿A partir de qué idade se pode exercer o dereito a cazar?

91ª.- A partir de qué idade se pode cazar con arco?

92ª.- O cazador que ocupa un posto nunha montería, debe:

93ª.- No exercicio da caza, cando nos vaíamos a cruzar con outros cazadores:

94ª.- Cando se está a franquear un obstáculo como pode ser saltar un valo, ou superar un peche de arame, ¿cal das seguintes accións consideras a máis adecuada?:

95ª.- ¿A qué altura do chan deben colocarse as sinais dos TECOR?

96ª.- ¿Qué cores terán as sinais de 2º orde?

97ª.- ¿Os cans empregados no exercicio da caza deben estar identificados?

98ª.- As mandas de cans, deben:

99ª.- ¿Cál destes terreos non está considerado cinexético na Lei de Caza de Galicia?

100ª.- ¿En cál destes lugares non se podería cazar?

101ª.- ¿Un cazador pode disparar a unha peza de caza, cando esta foi levantada ou está sendo perseguida por outro cazador?

102ª.- Un membro dunha asociación de cazadores que é titular dun Tecor, para poder practicar a caza, entre outros requisitos:

103ª.- Un cazador menor de idade, para practicar a caza:

104ª.- Na celebración dun gancho ao xabril, un cazador colocado nun posto ao que chegou no seu vehículo, ¿pode empregar o seu vehículo como lugar dende o que pode disparar?.

105ª.- ¿Das seguintes persoas que participan nunha montería, cal delas dirías que non está cazando?

106ª.- De acordo co establecido no artigo 34 da Lei de caza, está prohibido o exercicio da caza:

107ª.- Cando nunha montería se produce un “agarre” dun xabril por parte dos cans, o batedor ou o encargado dos cans, pode:

108ª.- ¿A Administración Autonómica responderá dos danos que ocasionen as especies cinexéticas?.

109ª.- Cando non é posible precisar a procedencia das pezas de caza que ocasionan danos nun lugar determinado, a responsabilidade de cara ás posibles indemnizacións corresponde:

110^a.- Si un señor posúe un terreo cercado dentro dun Tecor, no que non se pode cazar, e o Tecor mantén un vedado ao redor da superficie cercada, ¿quén paga os danos producidos pola caza procedente do vedado no terreo cercado?

111^a.- A pneumonía vírica hemorráxica, afecta a exemplares de coello cunha idade:

112^a.- ¿Cál é o principal mecanismo polo que a lebre transmite a tularemia ao home?

113^a.- A carne dunha lebre con tularemia, ¿pode consumirse sen contraer a enfermidade?

114^a.- A carne dunha lebre con tularemia, si a conxelamos, ¿pode consumirse sen risco de contraer a enfermidade?

115^a.- Si nunha Reserva se autoriza a disparar aos exemplares de *Dama dama*, pódese disparar aos

116^a.- O “espejuelo” alar no pato real é de cor

117^a.- O período de celo do corzo coñécese como

118^a.- Si me invitan a cazar *Streptopelia decaocto*, teño que:

119^a.- O gamo diferénciase por ser un:

120^a.- ¿Cales son las características que diferencian o corvo viaraz (*Corvus corone*) do corvo (*Corvus corax*)?

121^a.- A migración prerreproductora da arcea dende Galicia aos países del N e E de Europa prodúcese:

122^a.- O tordo común (*Turdus philomelos*) é unha especie

123^a.- Durante os meses de marzo-abril ten lugar nos cervos

124^a.- A avefría (*Vanellus vanellus*) é unha ave que:

125^a.- Unha ave acuática, de tamaño mediano, coa cabeza e pescozo de cor verde escuro brillante, colar fino branco e peito castaño, que é cinxética en Galicia, será:

126^a.- O muflón caracterízase por ser un:

127^a.- ¿De onde é orixinario o faisán común?

128^a.- O muflón é unha especie:

129^a.- ¿Cál dos seguintes córvidos non é cazable en Galicia?

130^a.- A fisioloxía do corzo da lugar a apareamentos

131^a.- O gamo diferénciase do cervo por posuír o celo:

132^a.- A época de celo do gamo coñécese como:

133^a.- ¿Cál dos tordos presentes en Galicia ten a cabeza gris cinza e a cola de cor moura?

- 134^a.- ¿De qué cor son o peteiro e o escudete frontal da galiñola negra (*Fulica atra*)?
- 135^a.- O *Ovis musimon* caracterízase por
- 136^a.- Os corzos
- 137^a.- As aves acuáticas cazables son:
- 138^a.-¿Cal destes terreos é o mais axeitado para a cría da perdiz rubia?
- 139^a.-¿Cal é o mellor terreo para os coellos?
- 140^a.-¿En qué parte de Galicia pensas que ten que haber máis lebres?
- 141^a.-¿En qué parte de Galicia pensas que hai menos corzos?
- 142^a.-Se vas cazando con escopeta e cartuchos de perdigóns e ves un teixugo (porco teixo) ¿qué fas?
- 143^a.-Se estás cazando nun gancho con rifle no mes de novembro e ves un cérvido con cornas ¿qué fas?
- 144^a.-Se te atopas nun gancho de desvelle y tes a tiro unha femia de cervo ¿qué fas?
- 145^a.- O coello, ¿é unha especie territorial?.
- 146^a.- O peso corporal dun coello de monte adulto soe ser:
- 147^a.- O coello de monte é unha especie:
- 148^a.- As femias de coello de monte normalmente paren:
- 149^a.- Os lebratos nacen:
- 150^a.- A lebre é unha especie:
- 151^a.- Atendendo ao ciclo biolóxico da lebre, ao remate da temporada hábil xeral de caza, é normal:
- 152^a.- Atendendo ao ciclo biolóxico do raposo o celo prodúcese:
- 153^a.- O xabaril é un animal:
- 154^a.- O xabaril é unha especie:
- 155.- Os machos adultos de xabaril soen:
- 157^a.- O corzo posúe:
- 158^a.- O comiso das pezas de caza realizarase:
- 159^a.- As crías do corzo durante os primeiros días de vida:

160ª.- Os grupos familiares de cervos son:

161ª.- O corzo é unha especie frecuente en:

162ª.- ¿Cómo clasifica a Lei de caza de Galicia as infraccións?

163ª.- ¿Cál é a contía das sancións graves?

164ª.- ¿Cál é o prazo de prescrición das infraccións graves?

165ª.- ¿Cál destas actuacións daría lugar á retirada da escopeta?

166ª.- ¿Cando prescriben as sancións moi graves?

167ª.- ¿Qué sanción correspondería por deixar aos cans, en época hábil, vagar sen control por un Tecor?

168ª.- ¿Qué sanción correspondería por non cumprir as limitacións á caza por razóns de cultivo ou repoboación forestal?

169ª.- ¿Qué sanción correspondería por cazar empregando fontes luminosas artificiais?

170ª.- ¿Qué sanción correspondería por cazar ocultándose tras un cabalo?

171ª.- ¿Qué sanción correspondería por negarse a entregar unha peza de caza que entrou nun tecor e que foi ferida noutro tecor?

172ª.- ¿Qué sanción correspondería por cazar aproveitándose da existencia dun incendio forestal?

173ª.- ¿Qué sanción correspondería por cazar sen ter contratado un seguro ou estando este caducado?

174ª.- ¿Qué sanción correspondería por cazar en liña de retranca?

175ª.- ¿Qué sanción correspondería por cazar dende un cabalo sen autorización?

176ª.- De acordo co artigo 57 da Lei de caza, constitúe infracción leve, cazar:

177ª.- Un cazador dispara sobre unha peza de caza menor e férea dentro dos terreos dun Tecor, pero a peza chega ata un terreo excluído do citado Tecor, onde morre. Se o devandito terreo está cercada, ¿como deberá obrar o cazador para recuperar a peza?

178ª.- Un cazador dispara sobre unha peza de caza maior e férea dentro dos terreos dun Tecor, pero a peza chega ata un terreo excluído do citado Tecor, onde morre. Se o devandito terreo non está cercada, ¿como deberá obrar o cazador para recuperar a peza?

179ª.- Durante unha cacería xorde a dúbida da quen pertence unha peza. O cazador 1 é quen lle deu morte, pero o cazador 2 foi o autor do primeiro sangue. Si se trata dun raposo, e non existen usos e costumes no lugar ao respecto, ¿a quen pertence a peza?

180ª.- ¿Cál é a distancia máxima que se pode separar o cazador menor de idade maior de dezaseis anos que leva unha arma de fogo, do cazador maior de idade encargado da vixilancia do menor?

- 181^a.- Un exemplar dunha especie cinexética procedente dun terreo cinexético de aproveitamento común provoca danos nos cultivos dun terreo particular ¿quen deberá indemnizar estes danos?
- 182^a.- Un exemplar dunha especie cinexética procedente dun Tecor autonómico provoca danos nos cultivos dun terreo particular ¿quen deberá indemnizar estes danos?
- 183^a.- Un exemplar dunha especie cinexética procedente dun refuxio de fauna provoca danos nos cultivos dun terreo particular ¿quen deberá indemnizar estes danos?
- 184^a.- Un exemplar dunha especie cinexética procedente dun Tecor municipal provoca danos nos cultivos dun terreo particular ¿quen deberá indemnizar estes danos?
- 185^a.- Un exemplar dunha especie cinexética procedente dunha reserva de caza provoca danos nos cultivos dun terreo particular ¿quen deberá indemnizar estes danos?
- 186^a.- ¿Quen responderá dos danos que ocasione un can de caza ás pezas, as crías ou os seus ovos durante o acto de cazar?
- 187^a.- A Perdiz Rubia é unha ave compacta de ás e cola curtas:
- 188^a.- O voo da Perdiz Rubia:
- 189^a.- En época de caza, a idade das perdices rubias realízase examinando as puntas das dúas plumas máis externas da á:
- 190^a.- Para coñecer o sexo dunha Perdiz Rubia, hai que fixarse primeiro na idade e despois nas patas:
- 191^a.- A dieta da Perdiz Rubia é:
- 192^a.- A Perdiz Rubia é unha ave de terreos abertos, tanto chairros como montañosos:
- 193^a.- O celo da Perdiz rubia ten lugar:
- 194^a.- A nidificación da Perdiz Rubia ten lugar entre herbas ou ao amparo dunha mata:
- 195^a.- A posta da Perdiz Rubia é de:
- 196^a.- A Perdiz Rubia:
- 197^a.- A Perdiz charrela presenta dimorfismo sexual:
- 198^a.- Por regra xeral é posible diferenciar o sexo do Paspallás adulto:
- 199^a.- Os machos de Paspallás:
- 200^a.- ¿Cal é o tamaño de posta do Paspallás?
- 201^a.- Os polos de Paspallás son capaces de voar aos 20 días:
- 202^a.- O Paspallás é unha ave:
- 203^a.- Para criar, o Paspallás prefire:
- 204^a.- O Paspallás na península Ibérica:

- 205^a.- A caza do Paspallás ten lugar:
- 206^a.- O Faisán é unha Galinácea de grande tamaño na que destaca a longa cola:
- 207^a.- Os machos de Faisán:
- 208^a.- A femia do Faisán incuba durante 23-27 días unha posta de:
- 209^a.- O Faisán é unha especie exótica no continente europeo:
- 210^a.- ¿Cantas especies de lebres habitan a península Ibérica?
- 211^a.- Sobre a dieta da Lebre:
- 212^a.- Normalmente as lebres paren de 1 a 3 lebratos e teñen:
- 213^a.- As lebres teñen de 3 a 4 camadas ao ano, cada unha delas:
- 214^a.- A Lebre vive en zonas abertas como praderías, pasteiros e terreos agrícolas:
- 215^a.- As especies de Lebre presentan unha distribución claramente diferenciada na península Ibérica:
- 216^a.- O Coello é un mamífero de mediano tamaño, de orellas longas e rabón:
- 217^a.- O Coello é unha especie moi prolífica; o tamaño da camada é:
- 218^a.- O Coello é unha especie prolífica; o tamaño de camada é de 3 a 9 gazapos e unha femia poden producir:
- 219^a.- Se nos referimos a un animal moi gregario, que vive en colonias que se articulan ao redor dun tobo ou vivar, estamos a falar de:
- 220^a.- O Coello é unha presa importante na dieta de máis de 40 especies da fauna ibérica; distribúese por case toda a península Ibérica:
- 221^a.- A Mixomatosis e a Neumonía Hemorráxica Vírica son dúas enfermidades que dezmaron as poboacións de:
- 222^a.- O Raposo é:
- 223^a.- A dieta do Raposo é moi variable en función da rexión e a época do ano:
- 224^a.- Os Raposos "ladran" case exclusivamente na época de celo, que ten lugar en:
- 225^a.- O Raposo é abundante nalgúns lugares:
- 226^a.- As camadas dos raposos están compostas por:
- 227^a.- Os raposos son animais:
- 228^a.- O Raposo:
- 229^a.- O Lobo ibérico é un cánido do tamaño dun can grande:

230^a.- O Lobo é un animal eminentemente carnívoro:

231^a.- O celo do Lobo ten lugar:

232^a.- Para criar, os lobos buscan refuxio:

233^a.- O tamaño medio das camadas dos lobos é de:

234^a.- O Lobo é unha especie:

235^a.- Sobre a distribución do Lobo na península Ibérica pódese afirmar que é unha especie en expansión:

236^a.- Os caninos ou cairos do Xabaril constitúen o seu trofeo:

237^a.- As crías do Xabaril coñécense como "raións":

238^a.- Sobre a dieta do Xabaril, pódese afirmar que é un animal:

239^a.- As femias de Xabaril teñen:

240^a.- A camada do Xabaril está composta por:

241^a.- O Xabaril é un animal de hábitos nocturnos ou crepusculares, que gusta de zonas con boa espesura vexetal:

242^a.- ¿Que é un "Venado"?

243^a.- Sobre a corna no Cervo:

244^a.- A corna do Cervo renóvase tódolos anos; a caída ou esmouca ten lugar en:

245^a.- O celo ou "berrea" do Cervo ten lugar en:

246^a.- ¿Que é un "gabato"?

247^a.- As femias de Cervo paren normalmente:

248^a.- O Cervo na península Ibérica:

249^a.- Observamos un cérvido cunha corna en forma de "pa" e unha pelaxe pardo-arubiado moteado de branco; ten que ser:

250^a.- Tras unha xestación de oito meses, as femias de Gamo paren xeralmente:

251^a.- Sobre a presenza actual do Gamo, ¿cal das afirmacións seguintes é correcta?

252^a.- É posible distinguir o sexo dun Corzo polo característico escudo anal branco:

253^a.- Sobre a corna no Corzo:

254^a.- O Corzo posúe unha corna caediza, a cal se desprende:

255^a.- O celo do Corzo ten lugar:

- 256^a.- Os corzos teñen unha camada ao ano composta xeralmente por:
- 257^a.- O Corzo é un animal territorial durante o celo e os partos; os machos son:
- 258^a.- Sobre a distribución do Corzo na península Ibérica:
- 259^a.- Sobre os cornos do Rebeco:
- 260^a.- O Rebeco presenta:
- 261^a.- O celo do Rebeco ten lugar:
- 262^a.- O Rebeco é un animal propio de:
- 263^a.- Sobre a distribución do Rebeco e o Sarrio na península Ibérica:
- 264^a.- A Cabra Montés é un bóvido robusto con característicos cornos abertos e algo curvados:
- 265^a.- A caída ou "esmouca" dos cornos da Cabra Montés ten lugar:
- 266^a.- O celo da Cabra Montés ten lugar en:
- 267^a.- En épocas pasadas, a Cabra Montés ocupaba tódalas serras e montañas ibéricas existían catro subespecies; na actualidade:
- 268^a.- ¿Que é un "Bucardo"?
- 269^a.- Nun paseo polo bosque, acertamos a ver de refilón un pequeno cévido co escudete anal totalmente de cor branca; pódese tratar de:
- 270^a.- ¿En que se diferencia un Cervo dun Corzo?
- 271^a.- ¿En que especie de ruminante presentan cornamenta só as femias?
- 272^a.- O Paspallás:
- 273^a.- A Lebre diferénciase do Coello no maior tamaño, a cola blanquinegra, as patas traseiras máis longas e en que:
- 274^a.- ¿Cal dos seguintes grupos de especies cinexéticas poden ser cazadas en días de neve, se esta cobre de forma continua o chan?
- 275^a.- ¿Ao cabo de canto tempo prescriben as infraccións á lei de caza cando son leves?
- 276^a.- As infraccións graves ademais de ser sancionadas con multa e retirada da licenza de caza, sancionaranse con inhabilitación para obter a devandita licenza de:
- 277^a.- As infraccións moi graves ademais de ser sancionadas con multa e retirada da licenza de caza, sancionaranse con inhabilitación para obter a devandita licenza de:
- 278^a.- Si se aprecia nunha infracción reincidencia ou reiteración nun período dun ano, ¿en que porcentaxe poderá incrementarse o importe da multa?

- 279ª.- ¿Que destino debe darse a caza morta que é apta para o consumo que foi comisada a raíz dunha infracción á Lei de caza?
- 280ª.- ¿Quen ten a competencia para impoñer sancións leves segundo a Lei de caza de Galicia?
- 281ª.- ¿Quen ten a competencia para impoñer sancións graves segundo a Lei de caza de Galicia?
- 282ª.- ¿Quen ten a competencia para impoñer sancións moi graves segundo a Lei de caza de Galicia?
- 283ª.- As sancións previstas na lei de caza tipificadas como graves prescriben ao cabo de:
- 284ª.-¿Cál é a Lei de caza de Galicia?
- 285ª.- ¿Cál é o Decreto que aprobou o Regulamento da Lei de caza de Galicia?
- 286ª.- Para a tenza dun furón con fins cinexéticos, debe atenderse ao disposto:
- 287ª.- ¿A qué órgano corresponde a aprobación da Orden anual de vedas?
- 288ª.- ¿Quén e con qué figura aproba a creación dunha Reserva de caza?
- 289ª.- ¿Qué órgano da Administración pode declarar como zona de seguridade un lugar onde vai a realizarse unha concentración de persoas?
- 290ª.- ¿Durante canto tempo se pode prohibir cazar nas zonas recentemente reforestadas?
- 291ª.- ¿Qué órgano da Administración poderá autorizar a eliminación de exemplares de especies non clasificadas como cinexéticas?
- 292ª.- Si xurde unha enfermidade nova nun Tecor ¿quén poderá establecer as medidas a adoitar para o seu control?
- 293ª.- ¿Quen actúa como Vicepresidente dos Comités Provinciais de Caza?
- 294ª.- ¿Quen é o Vicepresidente do Comité Galego de Caza?
- 295ª.- ¿Quen actúa como Secretario do Comité Galego de Caza?
- 296ª.- ¿Quen nomea aos membros da Comisión de Homologación de Trofeos de Caza?
- 297ª.- ¿Quen pode declarar unha comarca como de emerxencia cinexética temporal?
- 298ª.- ¿Quen autoriza o emprego de medios prohibidos de acordo co previsto no artigo 35º do Regulamento de caza?
- 299ª.- ¿Quen determinará os cazadores que participarán nas cacerías autorizadas para o control da caza existente nos terreos sometidos a réxime cinexético común ?
- 300ª.- ¿Cál é o prazo de información pública na declaración dun TECOR?
- 301ª.- ¿Cál das seguintes afirmacións é falsa?
- 302ª.- ¿En cal dos seguintes terreos, os repoboacións cinexéticas soamente poderán ser realizadas pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible?

303ª.- ¿En cal dos seguintes terreos, os repoboacións cinexéticas soamente poderán ser realizadas pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible?

304ª.- ¿En cal dos seguintes terreos os repoboacións cinexéticas soamente poderán ser realizadas directamente pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible?

305ª.- ¿Poden realizarse repoboacións cinexéticas con exemplares procedentes de capturas en terreos abertos?

306ª.- Segundo a Lei de caza, non está permitida:

307ª.- Respecto a un pombal autorizado a localización do cal estea debidamente sinalizada, queda prohibido disparar ás pombas a unha distancia deste inferior a:

308ª.- ¿Está permitida a posesión de aves de cetrería?

309ª.- Segundo a Lei de caza enténdese por postas aqueles proxectís múltiples o peso dos cales sexa igual ou superior a:

310ª.- ¿Poden utilizarse animais vivos, mortos ou naturalizados como reclamo para a caza?

311ª.- Si desexo cazar co reclamo de perdiz ¿qué licenza debo posuír?

312ª.- ¿Cál dos seguintes cazadores ten obrigación de posuír a licenza de caza?

313ª.- ¿Qué organismo é o que nomea aos gardas de campo?

314ª.- ¿Qué organismo nomea ás entidades colaboradoras?

315ª.- ¿Cál é a duración do nomeamento das entidades colaboradoras?

316ª.- Os patos, en xeral, cázanse mediante a modalidade de caza:

317ª.- ¿Cál será o prazo máximo para poder cazar con reclamo de perdiz cada ano?

318ª.- ¿De cantos cans consta unha manda de cans?

319ª.- Dado que os reclamos vivos están prohibidos, ¿algún dos seguintes pode ser empregado?

320ª.- Nos axexos de perdiz rubia, ¿a qué distancia mínima teñen que estar uns postos doutros cando non hai obstáculos entre os mesmos?

321ª.- ¿Quén é o que e asume a responsabilidade na realización dunha montería?

322ª.- As armas ou medios non autorizados pola lei de caza que sexan retirados polos axentes denunciante serán depositadas:

323ª.- Segundo a Lei de caza de Galicia, ¿cal das seguintes armas se pode utilizar para a práctica da caza?

324ª.- Os batedores que asistan como tales nun gancho batida:

325ª.- ¿Cal das seguintes modalidades de caza non precisa de autorización previa da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para a súa celebración?

- 326^a.- ¿Qué autoridade aproba o primeiro Plan de Ordenación cinexética dun Tecor?
- 327^a.- ¿Qué prazo máximo poderá transcorrer entre a aprobación provisional e a presentación do Plan de Ordenación, ata a aprobación definitiva do Tecor?
- 328^a.- ¿Quén aproba os Plans de aproveitamento cinexético?
- 329^a.- ¿Qué prazo se establece para aprobar os Plans de Aproveitamento Cinexético dende a súa presentación?
- 330^a.- ¿Qué teñen en común os Plans de ordenación e os de aproveitamento cinexético?
- 331^a.- ¿Quén está obrigado a presentar un plan de ordenación cinexética para poder exercer a caza nos seus terreos?
- 332^a.- ¿Qué organismo autoriza a tenza de pezas de caza en catividade?
- 333^a.- ¿Quen pode autorizar a tenencia de especies de caza en catividade?
- 334^a.- ¿Qué duración ten a Guía de Tenencia?
- 335^a.- ¿Cantas guías de tenencia deberá posuír unha explotación cinexética industrial?
- 336^a.- ¿Cál destas disposicións é a que aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora?
- 337^a.- ¿Cál destes requisitos ten que cumprirse para poder sancionar?
- 338^a.- ¿Cál dos datos seguintes non é necesario indicar na iniciación do procedemento sancionador?
- 339^a.- ¿A quen dos seguintes non é necesario comunicar o inicio do procedemento sancionador?
- 340^a.- ¿Qué dato non é imprescindible indicar ao presunto infractor na iniciación do procedemento sancionador?
- 341^a.- ¿Cál é o prazo para presentar alegacións contra os feitos imputados no inicio do procedemento sancionador?
- 342^a.- ¿Quén formula a proposta de resolución?
- 343^a.- ¿Cál é o prazo para presentar alegacións contra a proposta de resolución?
- 344^a.- ¿Quén pode decidir levar adiante actuacións complementarias?
- 345^a.- ¿Cál é o prazo máximo que ten o órgano competente para resolver dende que recibe a proposta de resolución?
- 346^a.- ¿De cantas fases consta o procedemento sancionador?
- 347^a.- Unha vez comunicado ao inculpado o acordo de inicio do procedemento sancionador, este ten dereito:
- 348^a.- Unha mesma conducta infractora pode:

349ª.- Nun procedemento sancionador, pode a mesma unidade administrativa asumir a competencia instructora e resolutoria:

350ª.- ¿Pode iniciarse un procedemento sancionador mediante unha denuncia anónima?

351ª.- Cauteladamente, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible poderá suspender unha licenza de caza ao incoarse un expediente sancionador por falta:

352ª.- ¿A partir de que idade se pode cazar con arma de fogo?

353ª.- ¿Cal dos seguintes requisitos non é necesario para poder practicar a caza?

354ª.- ¿En qué casos é preciso que un menor de idade que queira cazar vaia acompañado dun cazador maior de idade?

355ª.- Na organización dun gancho, cando o responsable da cacería ou a persoa na que este delega, distribúa os cazadores nos postos asignados:

356ª.- Cando o responsable dunha cacería ou a persoa na que este delega, está a colocar aos cazadores nos postos dunha montería, debe:

357ª.- Un cazador que está participando nunha montería:

358ª.- Cando se realiza un gancho polas persoas que forman parte da sociedade titular dun Tecor societario, ¿onde se coloca cada cazador?

358ª.- Si no transcurso dunha montería realizada polos membros da sociedade titular dun Tecor, se incumpren por parte dalgún participante as ordes establecidas polo responsable da cacería:

359ª.- De cara a seguridade dos cazadores, así como daqueloutras persoas que poden estar en terreos cinxéticos, á hora de deseñar a colocación dos postos nunha montería, ¿cal das seguintes opcións consideras á máis adecuada?:

360ª.- Si no transcurso da cacería se sofre unha caída, que motiva o apoio dos canóns da escopeta no chan, deberíase:

361ª.- Un cazador vai adquirir cartuchos con perdigón de 7ª, para ser disparados coa súa escopeta do calibre 12, que está probada a 900 Kp, ¿cal das seguintes opcións é a máis correcta?

362ª.- Na sinalización perimetral dun Tecor, as sinais de primeira orde, ¿débense colocar?

363ª.- Nas vías de acceso que penetren nun Tecor, ¿qué sinalización se debe colocar?.

364ª.- ¿Qué tamaño terán as sinais de primeiro orden dos Refuxios de Fauna?

365ª.- ¿Cál destes terreos non é obrigatorio sinalizar?

366ª.- ¿Cál será a distancia máxima entre dous carteis indicadores dun Tecor?

367ª.- ¿Qué outra denominación reciben as sinais de 2º orde?

368ª.- ¿Cómo serán as sinais de primeiro orde?

369ª.- ¿En qué lugar da sinal se colocará o número de matrícula?

- 370^a.- Nun terreo cinexético especial, ¿quen ten a obriga de sinalizar os seus límites?
- 371^a.- A identificación dos cans empregados no exercicio da caza debe facerse mediante:
- 372^a.- Considéranse mandas de cans:
- 373^a.- ¿Cal destas circunstancias está prohibida en relación cos cans?
- 374^a.- ¿Cal destas infraccións lle corresponde resolver ao Alcalde?
- 375^a.- ¿Qué infracción comete quen abandona un can?
- 376^a.- ¿Qué infracción comete quen non vacina a seu can cando é obrigatorio?
- 377^a.- ¿Qué infracción cometen os que aforcan aos galgos unha vez que remata a temporada de caza?
- 378^a.- ¿Qué infracción comete o que transporta os cans de caza nun remolque de aluminio?
- 379^a.- ¿Qué infracción constitúe ter un can sen censar no Concello?
- 380^a.- ¿Qué tempo debe estar en observación un can que agrediu a alguén?
- 381^a.- ¿Cal destas características non faría que un can fose clasificado como potencialmente perigoso?
- 382^a.- ¿Qué organismo é o responsable de outorgar a licencia para ter un animal potencialmente perigoso?
- 383^a.- ¿Cal destes requisitos non inhabilitan para obter a licencia de animais potencialmente perigosos?
- 384^a.- ¿En qué organismo se debe inscribir a transmisión dun animal potencialmente perigoso?
- 385^a.- ¿Con qué nome se coñece o Rexistro Central de animais potencialmente perigosos de Galicia?
- 386^a.- ¿Cal é o prazo máximo que pode permanecer un animal potencialmente perigoso nunha comunidade sen ter que darse de alta nos rexistros?
- 387^a.- ¿Qué infracción comete o que adestra animais potencialmente perigosos sen certificado de capacitación?
- 388^a.- ¿Qué infracción comete o que vende un animal potencialmente perigoso a quen non teña licencia?
- 389^a.- ¿Qué infracción comete o que non rexistra un can potencialmente perigoso?
- 390^a.- ¿Qué infracción comete o que ten un can potencialmente perigoso nun lugar público sen bozo?
- 391^a.- ¿Qué sanción se lle pode impoñer a quen non poña o microchip a un can potencialmente perigoso?

392ª.- ¿Qué sanción se lles pode impoñer aos que participan en pelexas de cans potencialmente perigosos?

393ª.- ¿Cal é o prazo para comunicar a perda dun animal potencialmente perigoso?

394ª.- ¿Cal das seguintes razas de cans, non está considerada potencialmente perigosa en Galicia?

395ª.- ¿Qué infracción comete o propietario que non comunique a castración do seu can potencialmente perigoso?

396ª.- ¿Cal das seguintes zonas está clasificada como zona de seguridade?

397ª.- ¿Cál será a anchura da franxa arredor da zona de concentración de persoas para fixar os límites da zona de seguridade?

398ª.- Cando o Regulamento de Caza trata as “zonas de caza permanente” refírese a:

399ª.- ¿Cantos réximes cinexéticos establece a Lei de caza de Galicia?

400ª.- Nos terreos sometidos a réxime cinexético especial, ¿Cantas categorías se diferencian?

401ª.- ¿Cantos tipos de explotacións cinexéticas establece o Regulamento de caza?

402ª.- ¿Cál destes terreos non está considerado cinexético na Lei de caza de Galicia?

403ª.- ¿Cál destas categorías non existe nos terreos sometidos a réxime cinexético especial?

404ª.- ¿A qué distancia do límite dun Tecor deberán estar as zonas de adestramento de cans?

405ª.- ¿Cál destes lugares non se atoparía dentro dunha zona de seguridade?

406ª.- ¿Cál destes requisitos teñen que cumprir as zonas de caza permanente?

407ª.- ¿Cál destas especies non se poderá cazar nas zonas de caza permanente?

408ª.- ¿Quen aproba a instalación dunha Explotación cinexética industrial?

409ª.- ¿Cál é o prazo para a aprobación dunha Explotación cinexética industrial, dende a presentación da solicitude?

410ª.- ¿Cál dos seguintes feitos non se debe anotar no libro-rexistro de explotacións industriais?

411ª.- ¿Cales serían as superficies mínimas para unha explotación cinexética comercial de caza menor e maior?

412ª.- Dentro das zonas consideradas pola Lei de caza de Galicia como Zonas de Seguridade:

413ª.- ¿Cál dos seguintes espazos non ten a consideración de terreo cinexético?

414ª.- Nos refuxios de fauna

415ª.- ¿En cál dos seguintes terreos o exercicio da caza será libre, sen máis limitacións que as contidas na lexislación de caza?

- 416^a.- Para poder practicar a caza nos terreos sometidos a réxime cinexético común, estes terán unha superficie mínima de:
- 417^a.- Un terreo sometido a réxime cinexético común que non alcanzase a superficie mínima necesaria esixida pola lei para poder practicar a caza nel, terá a consideración de:
- 418^a.- Segundo a lei de caza de Galicia, ¿cal dos seguintes terreos non ten a consideración de cinexético?
- 419^a.- ¿Cal dos seguintes terreos cinexéticos leva implícita a súa inclusión no Rexistro de Espazos Naturais de Galicia ao levar a cabo a súa declaración?
- 420^a.- ¿A quen corresponde a xestión das reservas de caza?
- 421^a.- Nas reservas de caza:
- 422^a.- Os Tecor son declarados por:
- 423^a.- ¿Cal é a superficie mínima continua que debe ter un Tecor?:
- 424^a.- A duración mínima da cesión de dereitos cinexéticos nun Tecor, e polo tanto, a duración mínima do seu réxime especial é de:
- 425^a.- ¿Cal é a duración máxima do réxime especial dun Tecor se non se procede á súa renovación?:
- 426^a.- ¿Que porcentaxe mínima dos terreos dun Tecor deberán manterse como vedado de caza?
- 427^a.- Os Tecor poderán ser de titularidade:
- 428^a.- ¿A quen corresponde a expedición dos permisos para poder exercer a caza nun Tecor?
- 429^a.- Parte dos terreos afectados por un Tecor manifestan a súa negativa á integración neste. Se a superficie continua destes terreos é de 100 has, ¿poderá practicarse a caza neles?
- 430^a.- Parte dos terreos afectados por un Tecor manifestan a súa negativa á integración neste. Se a superficie continua destes terreos é de 600 has, ¿poderá practicarse a caza neles?
- 431^a.- ¿En que momento, os titulares de dereitos cinexéticos dos que se presumiu a súa cesión para a constitución dun Tecor, poderán solicitar a segregación dos seus terreos?
- 432^a.- ¿Sobre que tipos de terreos se poderá constituír un Tecor autonómico?
- 433^a.- Para que unha corporación local poida solicitar ao seu favor a declaración de Tecor, ¿Cal é a porcentaxe mínima de superficie sobre a que ten que acreditar documentalmente a titularidade cinexética?
- 434^a.- ¿Pode un concello cunha superficie de 1.500 has. constituír un Tecor?
- 435^a.- ¿Que porcentaxe mínima dos permisos diarios dun Tecor municipal se reservarán para cazadores empadroados con veciñanza administrativa nos termos municipais incluídos no devandito Tecor?
- 436^a.- ¿Que porcentaxe mínima dos permisos diarios dun Tecor municipal se reservarán para cazadores foráneos?

- 437^a.- ¿Cal é a superficie mínima necesaria para constituír un terreo cinexético-deportivo?
- 438^a.- ¿Cal é a superficie máxima permitida a un terreo cinexético deportivo?
- 439^a.- ¿Cal das seguintes afirmacións é falsa?
- 440^a. - Nunha explotación cinexética poderanse cazar:
- 441^a.- ¿Cal é a anchura da franxa arredor do perímetro das zonas habitadas, nas que non se pode circular con armas cargadas, nin usalas?
- 442^a.- ¿Cal é a anchura da franxa arredor do perímetro dun parque de uso público, no que non se pode circular con armas cargadas, nin usalas?
- 443^a.- ¿En cal dos seguintes lugares, nos cales como norma xeral non se pode cazar, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible podería autorizar o exercicio da caza?
- 444^a.- ¿Pódese cazar a unha distancia de 60 metros do perímetro dun campo de golf?
- 445^a.- Respecto ás zonas de seguridade arredor das vías e camiños públicos, sinalar cal das seguintes afirmacións é verdadeira:
- 446^a.- En canto aos lugares polos que se prohíbe circular con armas de caza cargadas, sinalar cal das seguintes afirmacións é verdadeira:
- 447^a.- ¿En xeral, pódese circular cunha arma de caza cargada pola vía de servizo dunha autoestrada, aínda cando non se trata dunha arma de fogo, como por exemplo unha bésta?
- 448^a.- ¿Pódese cazar nun terreo valado?
- 449^a. - A reserva nacional de caza de Os Ancares, segundo a Lei de caza de Galicia, terá a consideración de:
- 450^a. - As pezas de caza procedentes dun dos seguintes terreos non pode ser obxecto de venda ou comercialización, ¿de cal?
- 451^a.- Un Tecor de 2.000 has ¿Cántos gardas privados precisa?
- 452^a.- Unha agrupación de Tecor que se estende por tres Distritos estremeiros dentro da la mesma provincia, ¿cántos gardas necesita?
- 453^a.- ¿Cál é a duración do nomeamento dun garda particular de campo?
- 454^a.- ¿Cál é o prazo máximo que teñen os Gardas de Campo de Caza para facer as denuncias?
- 455^a.- ¿É obrigatorio que un terreo cinexético dispoña dun servizo de vixilancia?